



Expediente núm.: BS103E 2019/000050-0

DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN

| | |
|---|--|
| Denominación do programa: PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR O CANEIRO DE REDONDO | |
| Enderezo do programa: RUA CALZADA DAS GANDARAS 374 - BAIXO | |
| Concello do programa: LUGO | Provincia do programa: LUGO |
| Núm. de identificación do programa: E-6997-P-1 | Teléf.: 982221238 Fax: - E-mail: tecnico@ocaneiro.com Enderezo web: - |
| Tipoloxía: AXUDA NO FOGAR | |
| Área de actuación: MAIORES | |
| Entidade da que depende: O CANEIRO DE REDONDO SL | CIF/NIF: B27506765 |
| Enderezo: CALZADA DAS GANDARAS 374 BAJO | |
| Concello: LUGO | C.P.: 27003 |
| Provincia: LUGO | Teléf.: 638593695 Fax: |

Con data 26 de agosto de 2019 a secretaria xeral técnica ditou a seguinte resolución:

“RESOLUCIÓN DE DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR O CANEIRO DE REDONDO

ANTECEDENTES

1.- Con data 8/07/2019 tivo entrada no Rexistro xeral a solicitude presentada pola entidade O CANEIRO DE REDONDO SL para a autorización de inicio de actividades para o programa de servizos sociais de referencia.

2. - Xunto coa solicitude a entidade achegou toda a documentación esixida no artigo 25 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

3.- Con data 19/07/2019 emitiuse o informe de inspección favorable sobre o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa de aplicación de conformidade co procedemento que se establece no artigo 32.3 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro.





Expediente núm.: BS103E 2019/000050-0

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- Este centro directivo é competente para resolver o expediente en virtude do establecido no artigo 32.5 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, así como no Decreto 88/2018 do 26 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

2.- O artigo 68.1 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, establece que "Os servizos, centros, e programas de servizos sociais de titularidade pública e privada que desenvolvan as súas actividades en Galicia precisarán, con carácter previo, para a súa creación ou construción, inicio de actividades, modificación substancial e cesamento de actividades, obter a autorización ou presentar a correspondente declaración responsable ou comunicación previa ante o órgano con atribucións en materia de autorización e inspección da Consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, (...), sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas exixibles de acordo coa lexislación vixente".

O apartado tres do artigo 68 da citada Lei establece que regulamentariamente desenvolveranse as condicións e procedementos para a obtención, revogación e suspensión das autorizacións, así como, o réxime de declaración responsable ou comunicación previa segundo o prevista na normativa sectorial de aplicación.

O artigo 10.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar establece que "todas as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con o sen ánimo de lucro, que desenvolvan o programa de axuda no fogar deberán estar debidamente autorizadas de conformidade co establecido no Decreto 143/2007 do 12 de xullo (actualmente Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia).

3.- O artigo 21.1b do Decreto 254/2011 do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia establece que suxéitase ao réxime de autorización en materia de servizos sociais "o inicio de actividades de servizos, programas e centros de servizos sociais" e o artigo 32.3 do dito decreto sinala que na fase de instrución dos procedementos de autorización solicitarase a emisión dos correspondentes informes técnicos e de inspección necesarios para o aseguramento do cumprimento da normativa específica aplicable á tipoloxía do centro ou programa de que se trate.

Visto o informe de inspección de data 19/07/2019, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa de carácter xeral aplicable, esta subdirección xeral PROPÓN a adopción da seguinte

RESOLUCIÓN:

1.- Conceder AUTORIZACIÓN de inicio de actividades do programa de servizos sociais PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR O CANEIRO DE REDONDO situado na Rúa Calzada das Gándaras 374 baixo no Concello de Lugo que se iniciou a instancia da entidade O CANEIRO DE REDONDO S.L. coas seguintes características:

| | |
|--------------------|-----------------|
| Area de actuación: | comunidade |
| Tipoloxía: | axuda no fogar |
| Persoas usuarias: | con dependencia |





Expediente núm.: BS103E 2019/000050-0

Ámbito: concello de Lugo e concellos limítrofes e non limítrofes segundo o artigo 18.1 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

2.- Ordenar a anotación desta autorización no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-6997-P-0001.

3.- Esta autorización outórgase sen prexuízo da obtención pola entidade titular do centro doutras licenzas ou autorizacións que sexan preceptivas para o desenvolvemento da actividade, así como da presentación pola mesma das preceptivas comunicacións previas.

Notifíquese a presente resolución coa indicación de que non pon fin á vía administrativa. Contra a dita resolución poderase interpoñer o recurso de alzada ante a Conselleira de Política Social, no prazo dun mes que conta a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, segundo o que se establece no artigo 122 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019. O subdirector xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais. P.A. A xefa de servizo de inspección de maiores, discapacidade e dependencia. Berta Besada Porto.

Vista a anterior proposta de resolución, este centro directivo ACORDA darlle a súa aprobación nos seus propios termos. Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019. A secretaria xeral técnica. M^a Francisca Gómez Santos."

Mediante este documento notifícaselle o contido da resolución consonte ao esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Informámoslle de que as actuacións administrativas neste expediente seranlle notificadas na aplicación "NOTIFICA" da sede electrónica da Xunta de Galicia, á que segundo o establecido no artigo 43 da mesma lei, deberá acceder no prazo de dez días naturais desde a súa posta a disposición, de non facelo entenderanse rexeitadas, continuando o procedemento coma se fosen notificadas

Achégaselle o título que acredita a concesión da autorización de inicio de actividades e as normas de funcionamento visadas por este centro directivo.

Por último, infórmase que deberá dispor dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias, dos seus familiares, representantes legais ou titores e/ou dun procedemento que garanta a xestión das queixas e das suxestións presentada.

Lémbaselle que estes documentos deben estar expostos nun lugar visible ao público, xunto coa licenza municipal e os prezos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura da presente notificación
O Subdirector Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais
P.A. A xefa de servizo de inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia

Berta Besada Porto

O CANEIRO DE REDONDO SL
CALZADA DAS GANDARAS 374 BAJO
27003 LUGO

